

A Festa terá lugar o sábado, 7 de xullo, e contará coa actuación de artistas galegos de primeira fila.

ARCA celebra a I Festa da Narración Oral de Galiza

A Asociación Galega do Xogo Popular e Tradicional, con sede operativa en Melide, figura como unha das entidades que contribúen á organización do evento

AGXPT

O 7 de xullo: ese é o día sinalado polo colectivo Tatalo e Nova Escola Galega para celebrar a primeira edición da Festa da Narración Oral en Arca (O Pino). Segundo puñemos comprobar lendo o apertado programa que se nos ofrece, esta Festa pretende convocar a todas as persoas que sintan interese pola tradición oral, é dicir, a todos aqueles que devezan polo antigo pracer de contar e escuchar historias de viva voz. E iso por que?, podía preguntar alguém. A resposta é ben dada: polo pracer de escuchar e contar. En palabras dos organizadores, "A narración oral é sempre un acto no que se mesturan pracer e xenerosidade. Porque, para que xurda a emoción, quen conta debe poñer a súa arte e sabedoría ao servizo do auditorio, e quen escucha deberá entregarse sen reservas. Se así sucede, todos, todas, narradores e oíntes, acadarán igual sentimento de gozo mentres a narración discorre."

Entrando xa polo miúdo no programa, atopamos en pri-

meiro lugar a oferta dunha actividade dirixida ao profesorado; a I Xornada sobre a oralidade para educadores/as. Na xornada de mañá, os ensinantes terán ocasión de participar en dous obradoiros a cargo de lolanda Aldrei (profesora e contacontos) e Xosé Cobas (ilustrador e deseñador), que abordarán o traballo da narración oral no ensino desde unha vertente práctica e lúdica. Xa na xornada de tarde, o actor Cándido Pazó e o escritor Xabier P. Docampo, ofrecerán sendas conferencias arredor da arte da narración oral e a recuperación das formas da tradición oral. Xabier Docampo, é o "responsable" involuntario de que esta I Festa da Narración leve como subtítulo: *Sucedidos no Camiño*. O sucedido, ou suceso, é unha das formas da nosa tradición oral que mereceu a atención do escritor e centrou algúns dos seus últimos estudos. En palabra súas: "O sucedido non consiste na simple narración de sucesos ou anécdotas, senón de algo que vai moiñado máis


aló: son historias coa estrutura dun conto de tradición oral, que sempre se narra na forma de algo acaecido na realidade". Dinos tamén Xabier que un dos ingredientes básicos, común a todos os bos sucedidos, é o misterio. A idea da Festa desta primeira edición complétase, pois, unindo eses dous eixes que coinciden en Arca o 7 de xullo: O Camiño e mais os sucedidos.

O acto central da Festa terá lugar na Casa da Cultura de O Pino cara as sete da tarde. Diferentes voces levarán aos ouvidos dos espectadores, os más extraordinarios sucedidos. Sobre o escenario, as historias de Carlos Blanco, Paula Carballera, Cándido Pazó, lolanda Aldrei e Xabier Docampo; e, cada pouco, a voz de Uxía Pedreira acompañada á zanfona por Óscar Fernández. Mais de dúas horas de contos e cantos. E para os más pequenos, nas instalacións do CPI de Camiño de Santiago oféntanse dous obradoiros: Contacontos, a cargo de Gloria Mosquera, cantante do

O Pino / A Coruña

7 de xullo de 2007

I FESTA DA NARRACIÓN ORAL



Cartel anunciador do encontro

grupo infantil Mamacabra; e Pintacontos, a cargo de Rodrigo Chao, deseñador e ilustrador de publicacións.

Pero esta Festa non tería sentido pleno sen a programación nocturna. A partir da dez e media da noite, os bares de Arca collen o relevo da celebración e ofrecen a posibilidade de contar e escuchar historias (mellor se son sucedidos no camiño), a calquera propio ou estranxo que por ali se

achegue. Os organizadores fixeron aquí un esforzo por difundir a convocatoria ata onde fose preciso. Ven conたr!, din na súa web www.conchoeu.eu

De todas formas, quen queira chegarse a Arca o 7 de xullo a contar unha historia, que o va dicindo, que se cadra non hai sitio para todos. Claro que se desta vez algún queda sen contentar, sempre estará a posibilidade de remedialo o ano que vén, na II Festa...